



PROXECTO: PIRATAS

NOVIEMBRE 2012

FERROL

INTRODUCCIÓN

PARA ELIXIR O PROXECTO, O GRUPO
INDICOU POSIBILIDADES. XURDIRON:

- O NADAL
- OS ALIMENTOS
- OS PIRATAS
- OS DINOSAUIROS
- ...

VOTOUSE E POR MAIORÍA ELIXIUSE: PIRATAS

AVERIGUAMOS QUE SABEMOS SOBRE PIRATAS

USANDO A ESTRATEXIA DO DEBATE EN
GRAN GRUPO DIXEMOS QUE
SABIAMOS SOBRE AS E OS PIRATAS.
PARA COMPLETAR ESTE ESTUDO
SOBRE O QUE SE SABÍA
EMPREGOUSE UNHA ESTRATEXIA
MÁIS: “O TRIÁNGULO INVERTIDO”
FOISE RECOLLENDO NO TABOLEIRO, O
QUE SE SABÍA FOI:

- Son mariños.
- Viven en barcos piratas.
- Dedícanse a roubar, saquear...
- non só.
- Hai piratas bos que buscan tesouros (cousas que están agachadas na terra e nas covas).
- Alguén os esconde.
- O que se atopa é de un.
- Poden ser de algún naufraxio.
- Non é de ninguén.
- Hai piratas mulleres.
- En contos.

- Non sabemos de piratas que non sexa en contos
- Nas noticias de Somalia.
- Drake. Inglaterra.
- Pagaba a coroa/
- Era un corsario.
- Corsario. Mercenario.
- Pirata autónomo.
- Bebedores de ron
- Beben ron pola cantiga.
- Teñen bandeira
- Descoñecemos o por que dela: orixe.

- Indumentaria: depende do tipo de piratas e da época.
- Aspecto físico: pata de pao, sucios, parche.
- Somalia: nin loro nin pata de pao.
- Hai un estereotipo de piratas: suponse que se pelexaban e tiñan todas as papeletas para quedarse sin man, ollo...
- Novelas, contos, cine.
- Mala hixiene.

- Peor hixiene no mar.
- Non sabemos se a hixiene no mar é peor.
- Pirata: héroes.
- Blandos, non.
- Atopar mapa do tesouro é o seu obxectivo.
- Riqueza.

DECATÁMONOS DE QUE TODO O QUE
DIXEMOS ESTABA DESORGANIZADO E
QUE CUMPRÍA CATEGORIZAR.
PROPUXEMOS CATEGORÍAS COMO:

- DEFINICIÓN
- INDUMENTARIA
- SIMBOLOXÍA.
- TRANSPORTE.
- PERSONALIDADE.

- OBXECTIVO.
- PIRATAS FAMOSOS.
- HISTORIA.
- LITERATURA.
- HIXIENE E ALIMENTACIÓN. HÁBITOS SAUDABLES.
- XEOGRAFÍA.

USANDO AS CATEGORÍAS FOMOS
COLOCANDO O QUE SABIAMOS E
OBSERVAMOS QUE TIÑAMOS
CATEGORÍAS SOBRE AS QUE NON
SABIAMOS MOITO... OU POLO MENOS
NON DIXERAMOS REN.

PROPOMOS UNHA LISTAXE SOBRE O QUE QUEREMOS SABER

PARTINDO DO QUE SABEMOS, FOMOS
TENTANDO FACER UN GUIÓN. 1º
REDACTAMOS AQUELAS PREGUNTAS QUE
TIÑAN QUE VER CO QUE DIXERAMOS QUE
NON SABIAMOS OU DUBIDABAMOS,
DESPOIS AQUELAS CUESTIÓNS SOBRE AS
QUE HABÍA DISENSIÓNS E
CONTROVERSIAS, ... E POR ÚLTIMO AS
CURIOSIDADES QUE TIÑAMOS. FOMOS
CONSENSUANDO A REDACCIÓN DA
LISTAXE ...A LISTAXE RESULTANTE FOI:

- De onde procede a bandeira pirata?
- Que auga é mellor para a hixiene?
Salgada ou doce?
- Asíanse os piratas? Como, con que, por que, onde...?.
- Por que a bandeira pirata é así?
- Como se visten as/os piratas?
- Que fan?

- Por que lles faltan partes do corpo?
- Como eran/son os barcos piratas?
- Que comían/bebían realmente?
- Diferenzas entre pirata home e muller.
- Por que se facían piratas?
- Hai piratas galegos?
- Familia dos piratas.

PARA APRENDER ISO QUE QUEREMOS DECIDIMOS PROPOR FONTES

COA ESTRATEXIA 1-2-4, EN GRUPOS
COOPERATIVOS, PROPUXEMOS
FONTES QUE SUPUÑAMOS
SERVIRÍAN, EN GRAN GRUPO
CONSENSUAMOS E PRECISAMOS
MELLOR. AS FONTES PROPOSTAS
FORON:

- Biblioteca: libros, películas, obras de teatro...
- Prensa.
- Familia.
- Internet.
- Pessoas expertas.
- Experimentando (no tema da hixiene).
- Visitas a museos (virtuais, presenciais).
- Pintura e fotografía.
- Música.
- Libro de texto.

INDICAMOS AS TÉCNICAS PARA CADA FONTE QUE IAMOS USAR

- PREPARAR UN CADERNO PARA A EXPERIENCIA DE LABORATORIO
- PREPARAR A ENTREVISTA PARA A PERSOA EXPERTA.
- IR Á BIBLIOTECA A PEDIR RELACIÓN DE LIBROS, MÚSICA E XORNAIS. (FORMACIÓN DE USUARIOS E USUARIAS).
- REDACTAR NOTA PARA PEDIRLLE AXUDA ÁS FAMILIAS SOBRE...

PARA TRABALLAR COAS FONTES CONSENSUAMOS COMO ORGANIZARNOS

XURDIRON PROPOSTAS COMO:

- VER AS PREGUNTAS E ASIGNAR A CADA UNHA AS FONTES MAIS ADECUADAS. CADA GRUPO DE CLASE TRABALLARÍA NUNHA FONTE COAS PREGUNTAS ASIGNADAS.
- TODOS OS GRUPOS BUSCARÍAN EN TODAS AS FONTES MAIS SÓ UNHAS PREGUNTAS ASIGNADAS E DESPOIS PORÍASE EN COMÚN
- EN GRAN GRUPO TRABALLARÍANSE CUNHAS FONTES E EN GRUPOS COOPERATIVOS CON OUTRAS,...

ELIXIUSE UNHA PROPOSTA E ANOTÁRONSE DATAS E DÍAS. ASÍ COMO AS AXUDAS NECESARIAS: PROFESORADO DE PT, ALUMNADO MAIOR, ...

QUE FACEMOS COA INFORMACIÓN?

XA TEMOS TODA A INFORMACIÓN NA
AULA... TEMOS QUE DECIDIR
CONXUNTAMENTE QUE IMOS FACER
CON ELA...

- 1º Clasificámola e organizámola, usamos un dossier e as categorías decididas con anterioridade
- 2º A cada grupo cooperativo lle asignamos unha categoría por consenso. Ese grupo recollerá toda a información desa categoría colocada no dossier e coa estratexia 1-2-4, leraa e seleccionará a máis relevante. Contrastarán a información e recollerana nun mural ou traballo individual para despois comentala en gran grupo.

Decatámonos que non temos información suficiente, así que...

Aparecen dous documentos novos:

- Un poema de Espronceda... “Canción del pirata”
- Unhas páxinas de xornal sobre “Benito Soto”.

- Traballamos coa Biografía de Benito Soto. Planificamos a lectura en pequeno grupo, o obxectivo é coñecer os datos máis salientables e elaborar unha liña biográfica
- Traballamos co poema de Espronceda, 1º en grupos observamos que información nos pode achegar o poema e se esa información ten que ver co “que queremos saber”, decidimos que nos pode achegar datos sobre: como é o barco, que capturan, cal é a rota que fan, como fan os repartos, personalidade, futuro que lle agarda, motivos polos que se converteu en pirata,... Posteriormente cada equipo cooperativo traballa máis concretamente sobre cada achega e onse en gran grupo.
- Elaboramos “Un léxico pirata” con todo o vocabulario do proxecto “Piratas”

Engadimos esta nova información á que xa tiñamos con anterioridade.

3º Esquematzamos a información:

- Liña biográfica de Benito Soto e o resto de piratas mulleres e homes que atopamos
- Elaboración de mapa mental con todo o que aprendemos sobre piratas
- Elaboración de diagrama comparativo entre piratas actuais e piratas doutras épocas. Diagrama comparativo entre piratas reais e imaxinarios
- ...

- 4º comunicamos o que aprendemos. Así que decidimos elaborar:
 - Un libro titulado “Á abordaxe!!!” (comentamos como facelo, estrutura, portada, prólogo, ilustracións,...)
 - Elaborar un artigo para o xornal de Ferrol que tería que ser resumidiño, así que usaríamos unha pirámide invertida de noticia para elaborar o artigo; poñeríámoslle un título relacionado co ferrolán morto polo pirata Benito Soto.
 - Elaboraríamos unha obra de teatro e representariámola despois de confeccionar os traxes e decorados (precisamos medir, calcular os prezos, elaborar a parte artística, preparar cartelería, elaborar convites,...)
 - Dar unha conferencia para as familias do centro, usaríamos un power point de base ou unha presentación en prezzi
 - Facer unha montaxe en vídeo e subilo a youtube para que estea dispoñible na rede e... Subir o vídeo á web do cole.

QUE APRENDEMOS E COMO MELLORAR

Avaliar o noso proxecto conxuntamente:

-Ao inicio do proxecto usamos varios instrumentos de avaliación: debate, triángulo invertido, praza do pobo

Ao longo do proxecto usamos:

- Para o profesorado: cartafol de profesorado, diario do profesorado, rexistros de observación
- Para o alumnado: cartafol do alumnado, autorexistros, caderno de equipo (onde reflexionamos sobre o noso traballo en equipo),...

Ao final do proxecto usamos:

- Debate en gran grupo onde comentamos todo o que aprendemos en relación co que sabiamos ao comezo... todo o relacionado coa temática, coa organización, coas fontes, con... e comentamos o que cremos que temos que mellorar
- Usamos algún instrumento que o alumnado realizará en individual como un mapa conceptual
- Elaboramos conxuntamente unha rúbrica para avaliar o libro que elaboramos como estratexia para a comunicación do que fomos investigando.
- Finalmente elaboramos ´coa estratexia álbum de cromos un resumo en imaxes en grupos

LIGAZÓNS DIXITAIS

- E- cartafol

<http://ivonnenader010.tripod.com/id2.html>

- Mapas conceptuais na rede

<http://cmap.ihmc.us/download/>

<http://cmap.ihmc.us/>

- Rúbrica

<http://rubistar.4teachers.org/index.php?lang=es&skin=es>

- Presentacións Prezzi

<http://prezi.com/yqfu-lxm9kxr/tutorial-prezi-en-espanol-aprender-a-utilizarlo-en-15-minutos-academia-prezi/>